



CONCELLO  
DE  
**PONTEAREAS**  
(Pontevedra)

Estimado presidente,

Teño a ben comunicarlle que a Concellería de Deportes do Ilmo. Concello de Ponteareas dirixida por min ten a intención, ao igual que no ano anterior, de volver a abrir para este 2017 unha nova convocatoria de subvencións destinadas a entidades deportivas radicadas no termo municipal da nosa vila.

De cara a esta nova convocatoria, é a miña intención que as bases de concorrencia competitiva pola que se ha de rexer sexan melloradas e contén co máis amplo consenso que se poida acadar. É por iso que, con esta carta, teño a ben remitir unha ENQUISA DE SATISFACCIÓN con respecto ás bases da convocatoria de subvencións para entidades deportivas do Concello do ano 2016, co fin de que, se así o consideran oportuna, respondan a unhas breves preguntas que serán de utilidade para unha mellora das devanditas bases.

Unha vez recibidas, serán analizadas polo Departamento de Deportes, coa intención de posteriormente convocar a todas as entidades deportivas á unha nova reunión na casa do Concello para debater e acordar, sempre que sexa posible, unhas bases renovadas e melloradas.

Nesta enquisa pídolle, entre outros extremos, que valore a súa satisfacción coas bases da convocatoria do 2016, a transparencia das mesmas e a axilidade na resolución das subvencións. Estou seguro de que entre todos podemos facelas máis xustas e acordes.

Prégolle que nos faga chegar a enquisa de satisfacción cuberta coa maior prontitude posible.

Sen máis, reciba un cordial saúdo.

Benito Márquez Castro

*Concelleiro Delegado de Deportes*



## ENQUISA DE SATISFACCIÓN

1.- Valore cunha puntuación mínima de 0 e máxima de 5 o seu **grado de satisfacción xeral** coas bases das subvencións para entidades deportivas do Concello de Ponteareas 2016.

2.- Valore cunha puntuación mínima de 0 e máxima de 5 os seguintes aspectos relacionados cos **servizos recibidos** na Concellería de Deportes en relación coas subvencións para entidades deportivas do Concello de Ponteareas 2016.

a.- Calidade.

b.- Axilidade nos Tramites

c.- Información

3.- Valore cunha puntuación mínima de 0 e máxima de 5 a **divulgación da convocatoria** da subvención para entidades deportivas do Concello de Ponteareas 2016. Considera que se lle deu publicidade axeitada e suficiente?

4.- Valore cunha puntuación mínima de 0 e máxima de 5 os seguintes aspectos relacionados co **trato** no Departamento de Deportes.

a.- Cortesía e atención no trato.

b.- Interese por resolvelos asuntos.



CONCELLO  
DE  
**PONTEAREAS**  
(Pontevedra)

5.- Valore cunha puntuación mínima de 0 e máxima de 5 a adecuación da puntuación establecida para cada un dos criterios marcados nas bases. Considera que a puntuación de cada criterio era xusta e acorde? (*De considerar unha modificación da puntuación dalgún criterio, sinala a que vostede considere que sería mellor e máis xusta*).

6.- Considera que se debería incluír e/ou eliminar algún criterio? (*De entender que se debería incluír un novo, díganos exactamente a frase que debería aparecer, coa puntuación que considere acorde e xusta*)

7.- Considera que as bases deben estar abertas tanto a entidades federadas en competición oficial como non oficial, ou unicamente para as primeiras?

8.- En xeral, que cambios introduciría para mellorar as bases establecidas?